

Referencia:	2025/22295G
Procedemento:	Elaboración, gestión de la convocatoria y concesión de subvenciones
Interesado:	
Representante:	
SECCIÓN DE SUBVENCIONES (4224)	

CADRO EMENDA

**CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS MEDIANTE CONCORRENCIA COMPETITIVA A
CONCELLOS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN, REHABILITACIÓN E/OU MELLORA DE VIVENDAS DESTINADAS AO ALUGUER
RESIDENCIAL, CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2025**

Unha vez examinada a documentación presentada coas distintas solicitudes para concesión de subvencións a concellos para a realización de obras de rehabilitación e/ou melloras da habitabilidade de vivendas e/ou adquisición de vivendas destinadas ao aluguer residencial. correspondentes ao exercicio 2025, advertiuse a existencia de deficiencia corrixibles. Polo exposto, de conformidade co disposto na base oitava da convocatoria requírese, para que no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación deste anuncio na páxina web <http://www.depourense.gal>, enlace Sección de Subvencións, enlace Relación de Concursos, concurso para concesión de subvencións a concellos para a realización de obras de rehabilitación e/ou melloras da habitabilidade de vivendas e/ou adquisición de vivendas destinadas ao aluguer residencial. correspondentes ao exercicio 2025, proceda á emenda da deficiencia, mediante a presentación ante a Deputación Provincial da documentación marcada cun X na columna correspondente. O documento que debe ser obxecto de emenda indícase por referencia ao número que se lle asigna na táboa. Ao final do texto deste anuncio especificase de qué documento se trata en cada caso.

<u>SOLICITANTE-CONCELLO</u>	APARTADO 1	APARTADO 2	APARTADO 3	APARTADO 4	APARTADO 5	APARTADO 6	APARTADO 7
CUALEDRO							X Proxecto firmado por técnico competente
ENTRIMO						X Acreditar titularidade	X Proxecto técnico 1 vivenda
PORQUEIRA		X Certificado acordo aprobación				X Acreditar titularidade	X Subsanar memoria valorada con orzamento detallado do cadro eléctrico y plano de instalación
RUBIÁ							X Proxecto firmado por técnico competente
VEREA							X Proxecto firmado por técnico competente das obras de terminación
VILAMARÍN							X Proxecto firmado por técnico competente, con planos da vivenda
VILARDEVÓS	X Anexo I (1 vivenda)	X Certificado acordo aprobación (1 vivenda)				X Memoria adaptada a 1 vivenda	

SOLICITANTE-CONCELLO	APARTADO 1	APARTADO 2	APARTADO 3	APARTADO 4	APARTADO 5	APARTADO 6	APARTADO 7
VILARIÑO DE CONSO	X Anexo I (1 vivenda)	X Certificado acordo aprobación(1 vivenda)				X Memoria descriptiva, acreditando titularidade do inmoble	X Proxecto firmado por técnico competente (1 vivenda)
XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO						X Presentar plano instalaciones	

APARTADO 1.- Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases

APARTADO 2.- Certificado do acordo de aprobación, polo órgano competente da entidade solicitante, da solicitude de subvención para o proxecto que se presente.

APARTADO 3.- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de acharse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

APARTADO 4.- Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións públicas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, segundo o modelo **anexo III**.

APARTADO 5- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do

acordo de resolución do concurso e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

APARTADO 6. -.- Memoria descriptiva do proxecto a executar, que incluíra os seguintes documentos:

- Plano de localización, onde se identifique con claridade a parcela catastral da vivenda e as súas coordenadas xeográficas.
- Orzamento detallado, onde queden ben definidas e valoradas as unidades de obra a executar.
- Fotografías nas que se observe o estado actual da vivenda na que se vaian a realizar as intervencións.
- No caso de obras xa executadas, documento de gasto (factura) ou certificación do órgano competente das actuacións realizadas e data destas.
- No caso de vivendas xa adquiridas, copia da escritura de compravenda da vivenda e da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

APARTADO 7.- No caso de que a execución do investimento esixa a elaboración de proxecto técnico, presentárase un proxecto básico asinado por facultativo competente.

No caso de non presenta-la documentación no prazo establecido, a súa solicitude será inadmitida a trámite e non se procederá á súa valoración. Para calquera dúbida ou consulta pode dirixirse ó Negociado de Concursos desta Deputación Provincial , teléfono 988317559.